CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Acta nº 2026/6 da sesión Ordinaria do Pleno da Corporación do concello de Muros celebrada o día xoves 28 de maio de 2026

Expediente número: 2026/G010/000006

PEGADA DIXITAL: 9f14ca87738484b84efbe2e570e306ea1bfb2e89bea4b47c0f0b250f243c2422

URL https://www.youtube.com/watch?v=W5MvoOiyLIU

PERSOAS ASISTENTES:

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE).

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Juan Manuel Martinez Martinez (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

Non asiste pero xustifican a súa ausencia o concelleiro D. Mario Martínez Lago (BNG)

O SECRETARIO ACCIDENTAL
D. José Manuel Mayo Priegue

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WVsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores núm. 4 do pleno ordinario do 30 de abril de 2026 e núm. 5 do pleno extraordinario do 8 de maio de 2026

SEGUNDO. Aprobación da modificación do proxecto "Reforma da vivenda do conserxe para destinalo a zona de madrugadores na escola C.E.I.P. Ricardo Tobío" e compromiso de cofinanciamento municipal da actuación incluída no POS+ADICIONAL 4/2025) Expte.: 2025/A008/000033)

TERCEIRO. Proposta de solicitude a Portos de Galicia da desafectación de terreos de dominio público portuario no porto de Muros (Expte.: 2026/A006/000010).

CUARTO. Moción de condena ante a agresión homófoba sufrida por un veciño de Muros e en defensa dos dereitos das persoas LGBT

QUINTO. Proposta de solicitude de axuda económica a deputación de A Coruña para a rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do pozo do cachón, Muros (Expte.2026/A006/000011)

SEXTO. MOCIÓNS DE URXENCIA

B. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

SÉTIMO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 355/2026 do 20 de abril ata a núm. 462/2026 do 19 de maio de 2026, e das actas da XGL núm. 8 de 15 de abril, núm. 9 de 29 de abril e núm. 10 de 13 de maio de 2026, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

OITAVO. Rogos e preguntas

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnense en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello, que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión con arranxo á seguinte orde do día,

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores núm. 4 do pleno ordinario do 30 de abril de 2026 e núm. 5 do pleno extraordinario do 8 de maio de 2026

A Sra. Alcaldesa informa da existencia duns erros na acta número 5 do pleno extraordinario do 8 de maio e pregunta aos concelleiros e concelleiras se desexan formular algunha observación ás actas indicadas. Os representantes dos grupos do PP e Muros Centrado tamén indican que debería corrixirse a acta número 5.

- O Pleno da Corporación, tras a correspondente votación e co seguinte resultado,

Votos a favor: BNG (3), PSOE (3) e PP (5) e Muros Centrado (1), e por unanimidade, acorda deixar sobre a mesa a aprobación da acta nº 5 do pleno extraordinario do 8 de maio de 2026 cos seguintes resultados:

- O Pleno da Corporación, tras a correspondente votación, acorda aprobar a acta nº 4 do pleno ordinario do 30 de abril de 2026, cos seguintes resultados:

  Votos a favor: BNG (3), PSOE (3) e PP (5)
  Abstencións: Muros Centrado (1) .

SEGUNDO. Aprobación da modificación do proxecto "Reforma da vivenda do conserxe para destinala a zona de madrugadores na escola C.E.I.P. Ricardo Tobío" e compromiso de cofinanciamento municipal da actuación incluída no POS+ADICIONAL 4/2025) Expte.: 2025/A008/000033)

Intervén a Alcaldesa que explica a proposta que é do seguinte literal:

Visto o acordo plenario adoptado na sesión celebrada o día 26 de decembro de 2025 polo que o Concello de Muros acordou participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 4/2025 da Deputación Provincial da Coruña, incluíndo entre os investimentos a actuación denominada "Reforma da Vivenda do Conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío de Esteiro", cun orzamento inicial de corenta e nove mil seiscentos sesenta e oito euros con trinta e dous céntimos (49.668,32 €).

Visto que, posteriormente, e como consecuencia do requirimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña no expediente 2025000057919, relativo á actuación "Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro", foi necesario proceder á corrección e modificación do proxecto técnico inicialmente presentado, emitíndose informe favorable dos Servizos Técnicos Provinciais con data 11 de maio de 2026 e requiríndose expresamente a aprobación polo órgano municipal competente do proxecto modificado.

Visto o proxecto modificado denominado "Proxecto de reforma da vivenda do conserxe para destinalo a zona de madrugadores na escola C.E.I.P. Ricardo Tobío", redactado polo arquitecto D. Pablo Castro Pais con data 22 de abril de 2026, cun orzamento total de execución por contrata de setenta e catro mil cento sesenta e sete euros con vinte e seis céntimos (74.167,26 €), IVE incluído.

Considerando que as modificacións e correccións técnicas introducidas no proxecto supoñen un incremento do orzamento inicialmente previsto por importe de vinte e catro mil catrocentos noventa e oito euros con noventa e catro céntimos (24.498,94 €), comprometéndose o Concello de Muros a asumir dita diferenza con fondos propios municipais.

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Considerando o interese público da actuación proxectada, destinada á adecuación da antiga vivenda do conserxe do CEIP Ricardo Tobío para o seu uso como zona de madrugadores, co fin de mellorar os servizos complementarios prestados á comunidade educativa do municipio.

Á vista do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado denominado "Proxecto de reforma da vivenda do conserxe para destinalo a zona de madrugadores na escola C.E.I.P. Ricardo Tobío", redactado polo arquitecto D. Pablo Castro Pais con data 22 de abril de 2026, cun orzamento total de setenta e catro mil cento sesenta e sete euros con vinte e seis céntimos (74.167,26 €), IVE incluído.

Segundo.- Manifestar expresamente o compromiso do Concello de Muros de asumir con cargo a fondos propios municipais o financiamento da diferenza existente entre o importe inicialmente solicitado á Deputación Provincial da Coruña no marco do POS+ ADICIONAL 4/2025 e o custo total resultante do proxecto modificado aprobado, ascendendo a achega municipal comprometida á cantidade de vinte e catro mil catrocentos noventa e oito euros con noventa e catro céntimos (24.498,94 €).

Terceiro.- Comprometerse o Concello de Muros a incluír no orzamento municipal os créditos necesarios para facer fronte á achega municipal correspondente para garantir a execución íntegra da actuación.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos dentro do expediente correspondente ao POS+ ADICIONAL 4/2025.

Quinto.- Facultar expresamente á Alcaldía para a realización de cantos trámites, xestións e sinaturas resulten necesarios para a execución e desenvolvemento do presente acordo.

Ábrese a quenda de debate (...)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (3), do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado denominado "Proxecto de reforma da vivenda do conserxe para destinalo a zona de madrugadores na escola C.E.I.P. Ricardo Tobío", redactado polo arquitecto D. Pablo Castro Pais con data 22 de abril de 2026, cun orzamento total de setenta e catro mil cento sesenta e sete euros con vinte e seis céntimos (74.167,26 €), IVE incluído.

Segundo.- Manifestar expresamente o compromiso do Concello de Muros de asumir con cargo a fondos propios municipais o financiamento da diferenza existente entre o importe inicialmente solicitado á Deputación Provincial da Coruña no marco do POS+ ADICIONAL 4/2025 e o custo total resultante do proxecto modificado aprobado, ascendendo a achega municipal comprometida á cantidade de vinte e catro mil catrocentos noventa e oito euros con noventa e catro céntimos (24.498,94 €).

Terceiro.- Comprometerse o Concello de Muros a incluír no orzamento municipal os créditos necesarios para facer fronte á achega municipal correspondente para garantir a execución íntegra da actuación.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos dentro do expediente correspondente ao POS+ ADICIONAL 4/2025.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Quinto.- Facultar expresamente á Alcaldía para a realización de cantos trámites, xestións e sinaturas resulten necesarios para a execución e desenvolvemento do presente acordo.

TERCEIRO. Proposta de solicitude a Portos de Galicia da desafectación de terreos de dominio público portuario no porto de Muros (Expte.: 2026/A006/000010).

Intervén a Alcaldesa que explica a proposta que é do seguinte literal:

O porto de Muros constitúe un elemento esencial da identidade histórica, social, económica e urbanística do municipio, mantendo unha relación directa e permanente co núcleo urbano da vila. A evolución histórica do fronte marítimo e da propia configuración urbana provocou que determinados espazos inicialmente incorporados á zona de servizo portuaria pasasen a desempeñar, co transcurso do tempo, funcións claramente urbanas, viarias, peonís e de uso público xeral.

Entre estes espazos atópanse o carril da estrada AC-550 máis próximo ao mar, o paseo e zona peonil situada entre a dita estrada e o peirao, parte da zona de aparcadoiro máis próxima á AC-550 e unha parte da zona correspondente ao parque infantil situado na Avenida Castelao, actualmente integrados dentro da zona de servizo portuaria, todo elo segundo se reflicte nos planos que se achegan ao presente acordo.

Tal e como se aprecia na documentación gráfica incorporada ao expediente, os ámbitos respecto dos que se solicita a desafectación presentan na actualidade unha configuración plenamente integrada na trama urbana consolidada da vila de Muros, constituíndo espazos destinados de maneira efectiva e continuada á circulación rodada, tránsito peonil, estacionamento, paseo, lecer, accesibilidade e conexión entre diferentes zonas do núcleo urbano.

Na práctica, os devanditos espazos teñen unha funcionalidade claramente urbana e municipal, resultando alleos ás necesidades propias da actividade portuaria estrita e do funcionamento operativo das instalacións portuarias.

Especialmente significativo resulta o caso do paseo marítimo, das zonas peonís e do parque infantil da Avenida Castelao, espazos destinados de maneira evidente ao uso público veciñal e turístico, plenamente incorporados á dinámica social e urbana do municipio e carentes de vinculación funcional coa actividade marítimo-portuaria.

Así mesmo, trátase de ámbitos sobre os que o Concello debe actuar de maneira constante e continuada en materias relacionadas coa seguridade viaria, accesibilidade, mantemento urbano, limpeza, iluminación, mobilidade, regulación do tráfico, conservación do espazo público e prestación de servizos municipais, producíndose na actualidade dificultades derivadas da súa inclusión dentro do dominio público portuario.

A presente iniciativa non pretende afectar ás infraestruturas, instalacións nin espazos necesarios para o normal desenvolvemento da actividade portuaria, limitándose exclusivamente aqueles ámbitos que, pola súa configuración física, localización, integración urbanística e uso efectivo consolidado, teñen unha funcionalidade predominantemente urbana e municipal.

Por todo o anterior, considérase conveniente e de interese público promover perante Portos de Galicia o inicio do correspondente expediente de desafectación destes espazos, co fin de posibilitar unha xestión máis eficiente, coordinada e adaptada ás necesidades reais da cidadanía e do propio municipio.

Á vista do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar a Portos de Galicia o inicio do correspondente expediente de desafectación da zona actualmente integrada na zona de servizo portuaria do porto de Muros, delimitada nos planos que se achegan ao presente acordo, e correspondente a:

- O carril da estrada AC-550 máis próximo ao mar.
- O paseo e zona peonil existente entre a estrada AC-550 e o peirao.
- A franxa do aparcadoiro portuario máis próxima á estrada AC-550.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

- A parte da zona correspondente ao parque infantil situado na Avenida Castelao incluída dentro da zona de servizo portuaria.

Todo iso por tratarse de espazos destinados na actualidade a usos predominantemente urbanos, viarios, peonís, recreativos e de estacionamento público, alleos á actividade estritamente portuaria.

Segundo.- Solicitar igualmente que, unha vez tramitada a desafectación dos devanditos espazos, se proceda á súa cesión, transferencia ou posta á disposición do Concello de Muros, co fin de posibilitar a súa adecuada conservación, mantemento, regulación, mellora e xestión municipal.

Terceiro.- Facultar expresamente á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantas actuacións, trámites, solicitudes, aclaracións e sinaturas de documentos resulten necesarias para o impulso, desenvolvemento e bo fin do presente acordo e do correspondente expediente de desafectación.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo a Portos de Galicia, acompañada da documentación gráfica correspondente, para os efectos oportunos.

Ábrese a quenda de debate (...)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (3), do grupo municipal do Partido Popular (5), e co voto en contra do grupo mixto Muros Centrado (1), **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro.- Solicitar a Portos de Galicia o inicio do correspondente expediente de desafectación da zona actualmente integrada na zona de servizo portuaria do porto de Muros, delimitada nos planos que se achegan ao presente acordo, e correspondente a:

- O carril da estrada AC-550 máis próximo ao mar.
- O paseo e zona peonil existente entre a estrada AC-550 e o peirao.
- A franxa do aparcadoiro portuario máis próxima á estrada AC-550.
- A parte da zona correspondente ao parque infantil situado na Avenida Castelao incluída dentro da zona de servizo portuaria.

Todo iso por tratarse de espazos destinados na actualidade a usos predominantemente urbanos, viarios, peonís, recreativos e de estacionamento público, alleos á actividade estritamente portuaria.

Segundo.- Solicitar igualmente que, unha vez tramitada a desafectación dos devanditos espazos, se proceda á súa cesión, transferencia ou posta á disposición do Concello de Muros, co fin de posibilitar a súa adecuada conservación, mantemento, regulación, mellora e xestión municipal.

Terceiro.- Facultar expresamente á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantas actuacións, trámites, solicitudes, aclaracións e sinaturas de documentos resulten necesarias para o impulso, desenvolvemento e bo fin do presente acordo e do correspondente expediente de desafectación.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo a Portos de Galicia, acompañada da documentación gráfica correspondente, para os efectos oportunos.

Anexo planos

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CUARTO. Moción de condena ante a agresión homófoba sufrida por un veciño de Muros e en defensa dos dereitos das persoas LGBT

A Sra. Alcaldesa dálle a palabra á Sra. Martinez que le a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fíxose pública a agresión homófoba sufrida por un veciño de Muros en Santiago de Compostela, uns feitos intolerables que supoñen un ataque directo á dignidade, á liberdade e aos dereitos fundamentais das persoas LGBT.

Segundo transcendeu, a vítima foi obxecto de insultos e ameazas de carácter homófobo, chegando incluso a sufrir unha agresión física. Estes comportamentos non poden ser normalizados nin minimizados baixo ningún concepto, xa que representan manifestacións de odio incompatibles cos valores democráticos, coa convivencia e co respecto á diversidade que deben rexer a nosa sociedade.

As administracións públicas teñen a responsabilidade de posicionarse de maneira clara fronte a calquera forma de discriminación, promovendo espazos seguros, libres e igualitarios para todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

Do mesmo xeito, cómpre recoñecer a valentía da vítima ao denunciar publicamente os feitos sufridos, contribuíndo así á visibilización dunha realidade que segue afectando a moitas persoas.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello de Muros a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Expresar a máis firme condena do Concello de Muros ante a agresión homófoba sufrida por un veciño do noso municipio en Santiago de Compostela.

2. Trasladar toda a solidariedade, apoio e afecto institucional á vítima e ao seu entorno.

3. Reafirmar o compromiso do Concello de Muros coa defensa dos dereitos das persoas LGBT e coa tolerancia cero ante calquera manifestación de odio, discriminación ou violencia por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

Ábrese a quenda de debate (...)

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (3), do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e por unanimidade, aproba a **Moción de condena ante a agresión homófoba sufrida por un veciño de Muros e en defensa dos dereitos das persoas LGBT**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

QUINTO. Proposta de solicitude de axuda económica Á Deputación de A Coruña para a rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón, Muros (Expte.2026/A006/000011)

Intervén a Alcaldesa que lle cede a palabra a Sra. González que explica a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. Xustificación e necesidade do interese público da actuación

O Concello de Muros ten a intención de executar unha actuación de rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón, situado na parroquia de Serres, nun dos espazos patrimoniais e culturais máis emblemáticos do municipio.

O Pozo do Cachón constitúe un conxunto histórico, arquitectónico e etnográfico singular formado polo antigo muíño de mareas e pola súa presa asociada, localizado na enseada de Muros, xunto á desembocadura do río Valdexería. Trátase dun inmoble de extraordinario valor patrimonial e histórico, considerado un dos muíños de mareas máis importantes de toda a Península Ibérica tanto polas súas dimensións como polo seu estado de conservación.

O inmoble forma parte do Catálogo de Bens Culturais, Naturais e Paisaxísticos do PXOM do Concello de Muros, aprobado definitivamente o 10 de decembro de 2010, contando cun elevado interese arquitectónico, histórico e cultural.

Desde a súa adquisición polo Concello de Muros, o inmoble foi obxecto de distintas fases de rehabilitación destinadas á recuperación do conxunto e á súa adaptación como espazo cultural e museístico. Actualmente, o edificio funciona como centro de interpretación e área museística vinculada ao patrimonio marítimo e etnográfico local.

Porén, na actualidade detectáronse diversas patoloxías derivadas principalmente das filtracións de auga e do deterioro de determinados elementos construtivos, situación que fai necesaria unha actuación urxente para garantir a correcta conservación do inmoble e evitar un deterioro progresivo do mesmo. Así mesmo, considérase necesario executar unha iluminación arquitectónica exterior que permita realzar o valor patrimonial do edificio, mellorar a súa integración paisaxística e incrementar a súa visibilidade e atractivo cultural e turístico.

A rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón é fundamental para garantir a conservación deste ben patrimonial de titularidade pública e asegurar o seu uso cultural, educativo e turístico por parte da cidadanía e dos visitantes.

A actuación permitirá consolidar o Pozo do Cachón como un dos principais referentes culturais e turísticos do Concello de Muros, contribuíndo ao mesmo tempo á preservación da memoria histórica e do patrimonio marítimo tradicional do municipio.

2. Razóns de interese público

Cultural:
A actuación presenta un claro interese cultural e patrimonial, xa que o Pozo do Cachón constitúe un dos elementos máis singulares do patrimonio industrial, marítimo e etnográfico de Galicia.
A rehabilitación permitirá conservar un inmoble histórico de grande relevancia arquitectónica e cultural, garantindo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

a súa preservación para as futuras xeracións e reforzando a identidade histórica do Concello de Muros.

O edificio constitúe ademais un importante espazo museístico e de interpretación da historia marítima e industrial local, funcionando como equipamento cultural aberto á cidadanía e aos visitantes.
A execución dunha iluminación arquitectónica exterior contribuirá tamén á posta en valor do inmoble, resaltando a súa singularidade construtiva e mellorando a súa integración visual na paisaxe litoral da enseada de Muros.

Así mesmo, a actuación permitirá reforzar a divulgación do patrimonio cultural do municipio, incrementando a capacidade do inmoble para albergar actividades culturais, educativas e expositivas.

Turístico:
O Pozo do Cachón é actualmente un dos principais puntos de interese turístico e patrimonial do Concello de Muros, sendo visitado por numerosos turistas atraídos polo seu valor histórico e arquitectónico.

A mellora das condicións do inmoble e da súa iluminación exterior permitirá incrementar o atractivo turístico do conxunto, favorecendo a dinamización do turismo cultural e patrimonial no municipio.

A súa situación privilexiada na enseada de Muros e a singularidade do edificio fan desta actuación un importante elemento de promoción turística para o Concello.

A iluminación arquitectónica contribuirá tamén á mellora estética da contorna, incrementando a visibilidade do edificio durante o horario nocturno e reforzando a imaxe cultural do municipio.

Social:
A actuación supón igualmente un importante beneficio social, ao garantir a conservación dun equipamento cultural público destinado ao uso e desfrute da cidadanía.

O Pozo do Cachón funciona como espazo de encontro cultural e educativo, acollendo visitas, actividades divulgativas e iniciativas vinculadas á historia e ao patrimonio marítimo do municipio.
A conservación deste inmoble favorece o acceso da poboación á cultura e ao coñecemento do patrimonio local, contribuíndo ao fortalecemento da identidade colectiva e da memoria histórica de Muros.

Ademais, a posta en valor do edificio permitirá ampliar o seu potencial como recurso educativo e cultural para centros escolares, asociacións e visitantes.

Económico:
A rehabilitación e posta en valor do patrimonio histórico e cultural constitúe tamén unha actuación con importante repercusión económica para o Concello de Muros.

A mellora do atractivo turístico e cultural do Pozo do Cachón favorecerá a actividade económica local, especialmente nos sectores da hostalaría, restauración, comercio e servizos turísticos.
Do mesmo xeito, a execución das obras xerará actividade económica vinculada ao sector da construción, da rehabilitación patrimonial e das instalacións técnicas especializadas.

A consolidación do Pozo do Cachón como recurso cultural e turístico contribuirá ademais á promoción exterior do municipio e á atracción de visitantes durante todo o ano.

Humanitario:
A conservación do patrimonio cultural constitúe unha obriga das administracións públicas e unha actuación de interese xeral para a sociedade.

A rehabilitación parcial do Pozo do Cachón permitirá evitar o deterioro progresivo dun inmoble histórico singular,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

garantindo a súa preservación e continuidade como espazo cultural público accesible para toda a cidadanía.

A actuación contribúe tamén á protección da memoria histórica colectiva e á transmisión do patrimonio cultural ás futuras xeracións, favorecendo unha sociedade máis consciente da importancia da conservación do patrimonio común.

Conclusión
A rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón non só responde a unha necesidade de conservación patrimonial, senón que tamén constitúe unha actuación estratéxica de interese público de carácter cultural, turístico, social, económico e humanitario.

A súa execución permitirá garantir a conservación dun dos elementos patrimoniais máis importantes do Concello de Muros, reforzando ao mesmo tempo a oferta cultural e turística do municipio e contribuíndo á dinamización económica e social da contorna.

3. Interese da necesidade da actuación

O Pozo do Cachón constitúe un dos elementos patrimoniais máis relevantes do Concello de Muros e un dos muíños de mareas de maior importancia histórica e etnográfica de Galicia e da Península Ibérica.

O inmoble presenta actualmente diversas patoloxías derivadas principalmente das filtracións de auga e do deterioro dalgúns elementos construtivos, situación que fai necesaria unha actuación de rehabilitación parcial para garantir a súa conservación e evitar un deterioro progresivo do conxunto arquitectónico.

Ademais da conservación do inmoble, o proxecto contempla a execución dunha iluminación arquitectónica exterior destinada á posta en valor do edificio e á mellora da súa integración paisaxística e visibilidade dentro da enseada de Muros.

A actuación permitirá consolidar o Pozo do Cachón como equipamento cultural, turístico e museístico de referencia, garantindo a continuidade do seu uso público e reforzando a protección do patrimonio histórico municipal.

4. Actuacións a desenvolver

As accións previstas inclúen:

- Retirada dos elementos deteriorados afectados polas filtracións.
- Reposición de elementos construtivos deteriorados.
- Actuacións de conservación estrutural e arquitectónica.
- Instalación de iluminación arquitectónica exterior.
- Mellora das condicións estéticas e funcionais do inmoble.
- Actuacións destinadas á protección e valorización do patrimonio histórico.
- Mellora da eficiencia e seguridade das instalacións vinculadas á iluminación.

5. Circunstancias que impidan ou dificulten acollerse a programas de subvencións

A imposibilidade de financiar esta actuación con recursos propios do Concello fai necesaria a solicitude desta axuda económica.

O elevado importe da actuación e a necesidade urxente de executar as obras para evitar un maior deterioro do inmoble dificultan que o Concello poida asumir integramente o investimento con financiamento propio.

Así mesmo, a singularidade técnica da actuación e a súa natureza patrimonial limitan a existencia de programas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

ordinarios de financiamento que permitan acometer a intervención nos prazos necesarios.

6. Orzamento

O orzamento total do proxecto ascende a **425.770,26 € (IVE incluído)**, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Durán Arriero o día 15 de maio de 2026.

7. Financiamento

Debido á falta de crédito e recursos financeiros, solicítase unha subvención por importe de 340.616,21 €, equivalente ao 80% do orzamento total da actuación.

O Concello de Muros carece actualmente de recursos económicos, tanto propios como alleos, suficientes para poder executar integramente esta actuación, precisando de financiamento externo para garantir a súa execución.

A obtención desta axuda permitirá acometer a rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón sen comprometer gravemente outras partidas orzamentarias municipais, garantindo ao mesmo tempo a conservación e posta en valor dun dos elementos patrimoniais máis relevantes do municipio.

Á vista do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado “Rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón”, redactado polo arquitecto D. Manuel Durán Arriero, de data 15 de maio de 2026 e cuxo orzamento ascende a un total de 425.770,26 € (IVE incluído).

Segundo.- Solicitar unha subvención económica por importe de 340.616,21 €, o que supón unha axuda do 80% do orzamento total da actuación, co fin de poder iniciar os trámites necesarios para incoar o expediente correspondente e executar as obras previstas.

Terceiro.- Asumir o compromiso de consignar nos vindeiros orzamentos municipais o importe necesario para financiar a achega municipal correspondente á actuación denominada “Rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón”.

Cuarto.- Designar á alcaldesa, Dª María Lago Lestón, como representante do Concello de Muros para a xestión desta solicitude e a tramitación do expediente.

Ábrese a quenda de debate (...)

Rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (3), do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e por unanimidade, **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado “Rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón”, redactado polo arquitecto D. Manuel Durán Arriero, de data 15 de maio de 2026 e cuxo orzamento ascende a un total de 425.770,26 € (IVE incluído).

Segundo.- Solicitar unha subvención económica por importe de 340.616,21 €, o que supón unha axuda do 80% do orzamento total da actuación, co fin de poder iniciar os trámites necesarios para incoar o expediente correspondente e executar as obras previstas.

Terceiro.- Asumir o compromiso de consignar nos vindeiros orzamentos municipais o importe necesario para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

financiar a achega municipal correspondente á actuación denominada “Rehabilitación parcial e iluminación arquitectónica do Pozo do Cachón”.

Cuarto.- Designar á alcaldesa, Dª María Lago Lestón, como representante do Concello de Muros para a xestión desta solicitude e a tramitación do expediente.

SEXTO. MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai

B. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

SÉTIMO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 355/2026 do 20 de abril ata a núm. 462/2026 do 19 de maio de 2026, e das actas da XGL núm. 8 de 15 de abril, núm. 9 de 29 de abril e núm. 10 de 13 de maio de 2026, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

O Pleno da Corporación queda enterado

OITAVO. Rogos e preguntas

Fórmanse diversos rogos e preguntas polos membros da Corporación, cuxo contido íntegro, así como as respostas e intervencións producidas, constan recollidas na acta multimedia incorporada ao expediente electrónico da sesión.

Sendo ás 22:50 horas do día 28 de Maio, de 2026 a Sra. Alcaldesa procede a levantar a sesión, de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

9f14ca87738484b84efbe2e570e306ea1bfb2e89bea4b47c0f0b250f243c2422

O vídeo gravado durante a sesión está incorporado ao expediente, asemade, está dispoñible para o público na URL:https://www.youtube.com/watch?v=W5MvoOiyLIU

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015 e no artigo 109 do ROF, as intervencións producidas durante a sesión constan incorporadas á acta multimedia vinculada ao expediente electrónico, limitándose a presente acta á consignación dos extremos esenciais, acordos adoptados e resultados das votacións

Documento asinado electronicamente polo secretario accidental e a alcaldesa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: SW1H6fnppG9hGH52WvsI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/